

Memoria Campamento de Conciliación

Campus-Tea Nadal 2019



CONCELLO DE PONTEAREAS

Do 23 de decembro ao 7 de xaneiro



CAMPAMENTO DE CONCILIACIÓN DE NADAL 2019


Programa de lecer e tempo libre que ten como obxectivo propiciar a conciliación da vida familiar e laboral durante as vacacións escolares de Nadal ao tempo que oferta aos participantes unha programación de actividades lúdicas e educativas baseadas na interacción grupal, que combina o xogo con actividades creativas, culturais e deportivas aproveitando os recursos que nos ofrece as instalacións, tanto no interior como no exterior.

Neste programa participaron 23 nenos e nenas entre 3 e 12 anos, dende o 23 de decembro ao 7 de xaneiro cun horario de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas no CEIP Nosa Señora dos Remedios.

Número de participantes por idades :

Grupo	Nº participantes
Educación Infantil	16
Educación Primaria	7


Nº participantes





Número de participantes diario:

Data	Día 23	Día 24	Día 26	Día 27	Día 30	Día 31	Día 2	Día 3	Día 7
Nº participantes	18	15	14	19	15	10	16	16	12





Campamento de conciliación de Nadal – cronograma para E.Infantil

Divértete no Nadal

	DÍA 23	DÍA 24	DÍA 26	DÍA 27	DÍA 30	DÍA 31	DÍA 2	DÍA 3	DÍA 7
9:00	Recepción de participantes: Esperta e actívate xogando								
9:30	Xogos de presentación e percorrido polos espazos	Larpeiradas de Nadal: Galletas de xenxibre	Xogo Mans de calcetín	Obradoiro: Papabolas Facemos o xogo de encestar as bólas	Quebracabezas de Nadal: <i>Na procura das pezas perdidas</i>	Xogamos os calcetíns de Nadal	Música do mundo para espantar o frío	Facemos coroas de Reis magos	Memori de Nadal
10:30	Asemblea: Que che gusta do Nadal	Concurso de postais de Nadal	Visita do apalpador	Realización das bólas de neve para xogar co noso papabolas	Papanoelada: Circuito de psicomotricidade	Obradoiro: Reloxo das badaladas	Obradoiro: Disfrace de elfo/a de Nadal	Obradoiro: Facemos Slime	Karaoke de panxoliñas de Nadal
11:30	Merenda								
12:00	Obradoiro de folerpas de neve	A carta misteriosa: Xogamos co Apalpador	Xogocantos no Nadal	Xogos de puntería co papabolas	Xogoteatro: O boneco de neve	Ponlle a cola a Rodolfo	Xincana: Que agochan os elfos? Na procura dos tesouros de Nadal	Carreira de boliñas de neve	Chocolatada cosa familias
13:00	Xogamos as palabras encadeadas de Nadal	Pintacaras: Somos renos	Caixa do Correo dos desexos de Aninovo Visita da concelleira de ensino. Entrega de camisetas.	Conto de Nadal, representación	O rock do Nadal	Gran festa de fin de ano: As 12 badaladas		A misteriosa chamada dos Reis magos	
14:00	Saída								



Campamento de conciliación de Nadal – cronograma para E. Primaria

Divértete no Nadal


	DÍA 23	DÍA 24	DÍA 26	DÍA 27	DÍA 30	DÍA 31	DÍA 2	DÍA 3	DÍA 7
9:00	Recepción de participantes: Esperta e actívate xogando								
9:30	Xogos de presentación e percorrido polos espazos	Obradoiro: Adorno para a árbore	Papiroflexia	Obradoiro: Facemos un rosco de Pasapalabra	Obradoiro: Larpeiradas de Nadal	Obradoiro: Reloxo das badaladas	Obradoiro: Disfrace de elfo/a de Nadal	Obradoiro: Orelas de elfo/a	Xogo O agasallo misterioso A caixa máxica
10:30	Creamos historias de Nadal	Circuíto de renos	Carreira de Mamuts	Experimentos do Nadal	Música de Nadal do mundo, xogos musicais	Envolve agasallos por equipos	A ra famenta e outros xogos de puntería	Xogamos a facer neve	Preparación do festival Pintacaras
11:30	Merenda								
12:00	Obradoiro: Abeto de parede xigante	Gran xincana: Axudamos ao Apalpador	Obradoiro: Marcapáxinas do Apalpador	Gran concurso de Pasapalabra de Nadal	Debuxos na cabeza. Con pistas procura do elfo perdido	Xogo do Kim edición de Nadal Director de orquestra	Charadas de Nadal Béisbol	Canicódromo de Nadal Terra mar e aire	Festival familiar de fin de Nadal coas familias
13:00	Circuíto de elfos e elfas Realización de pulseiras de Nadal		Pillabotellas. Visita da concelleira de ensino. Entrega de camisetas.	Os/as construtores/as de abetos Xogo pictionary	Traslado das bolas de neve. Bádminton	Gran festa de fin de ano: As 12 badaladas	Pescatapóns Xogamos ao pano		
14:00	Saída								



Como vos chegou a información do Campamento ?(marcar cun x):

- Por entrega aos nenos/as de folha informativa no colexio
- Pola prensa
- Pola web do Concello
- Por coñecidos e amigos
- Por cartel - outros


Porcentaxe de resposta





Que opinades sobre o sistema de inscrición?

Porcentaxe de resposta



Cal sería para vós o sistema máis axeitado?

A maior parte das familias cren que o sistema que hai é correcto, pero algunhas suxeriron :


Que debería ampliarse o prazo de inscrición

Que non se esixa tanta documentación

Que vos parece o horario establecido ?

- Axeitado
- Moi curto
- Moi longo

Porcentaxe de resposta






Onde consultastes a programación das actividades do Campamento ?


- O día da inscrición
- Na web do Concello
- Na entrada da campamento
- Non consultei a programación

Porcentaxe de resposta



Cal foi a actitude do neno á hora de ir ao Campamento?

Porcentaxe de resposta




VALORACIÓN NÚMÉRICA DO 1 AO 10, sendo o 10 a puntuación máis alta.



Do funcionamento xeral xeral e a organización do Campus-Tea Nadal 2019


Porcentaxe de resposta



Media das puntuacións: 8,45

Das actividades programadas:

Porcentaxe de resposta




Media das puntuacións: 8,56



Do labor do equipo de monitores/as

Porcentaxe de resposta



Media das puntuacións: 8,78

Dade a vosa opinión persoal indicando as suxestións que consideredes:

As familias, opinan que a experiencia foi positiva para os nenos e nenas participantes, aínda que algunha comenta que debería haber o plan madrugada para poder conciliar a vida laboral e familiar, e que se deberían realizar máis saídas.

O noso sistema de traballo durante todo o Programa levou implícito a aplicación dunha metodoloxía favorecedora da acción e a participación do neno/a en tódalas actividades tendo en conta as necesidades, inquietudes e expectativas do grupo, e buscando a creación dun ambiente san e distendido no que os nenos/as puideran desenvolver a súa creatividade e realizar aprendizaxes significativas e de convivencia en grupo, dentro do respecto e a tolerancia.

O noso traballo incluíu o criterio de integración, asumindo as diferenzas coma características persoais e non discriminatorias; a coeducación sen diferenzas de sexos e o xogo como principal fonte de aprendizaxe para o neno/a, polo que tódalas actividades realizadas tiveron un compoñente lúdico, dinámico e participativo.

En canto ao deseño de actividades partimos dunha programación inicial que fomos adaptando ás características e intereses dos diferentes grupos de nenos e nenas participantes, enriquecéndoa coas súas propias experiencias e apartacións.

En canto a agrupación dos nenos/as, fixémosla o máis homoxénea posible partindo das idades e espazos dispoñibles, e tendo en conta ademais as características e circunstancias individuais.

Un aspecto importante foi tamén o coidado e ambientación dos espazos na busca dun ambiente agradable e seguro no que os nenos/as se sentiron a gusto: un espazo limpo e ordenado, decorado polas/os monitoras/as pero sobre todo coas apartacións dos nenas e nenos nas distintas actividades que realizamos.

A comunicación fluída coas familias foi outro dos nosos obxectivos, tratando de informalos da programación diaria das incidencias puntuais que puideron xurdir a nivel individual ou na participación conxunta na festas ao remate do campamento.

RECURSOS MATERIAIS

Material para xogos de movemento e deportes: cordas, gomas, pelotas, redes...

Material para xogos cooperativos e alternativos: paracaídas, indiakas, pelotas xigantes ...

Material de xogo simbólico para a hora de xogo libre do grupo de pequenos: disfraces, teas, garaxe de coches, cociña, tenda, carriño, bonecos con accesorio, set de enfermería, carpintería.

Materia de construción para a hora de xogo libre do grupo de pequenos e maiores: legos e encaixables de diferentes tamaños, quebracabezas,

Xogos de mesa para o grupo de maiores para a hora de xogo libre: mikado, parchís, oca, damas, xadrez, cartas, dominós.

Material de lectura: contos e revistas infantís para diferentes idades

Material musical: reprodutor de música e pequenos instrumentos de percusión

Material obradoiros :

Set. de maquillaxe de fantasía
Pintura de témpera varias cores
Ceras de cores grosas e finas
Barras de pagamento infantil

Tesoiras de punta redonda
Papeis de cores
Cartolinas de cores
Papel celofán
Papel kraf
Papel twist
Arxila
Pinceis
Follas
Látex ou verniz de uso infantil
Plastilina
Cordel, la e fíos de varias cores
Material de refugallo: Caixas, botes, tapas, tubos de cartón, etc.
Ferramentas e materias primas específicas de cada obradoiro: cociña,..

Material específico da temática: bolsas dos sentidos,, alimentos para a elaboración de receitas....

Alimentación: botellas de auga a disposición dos/as participantes cando precisaran. Tamén aportamos galletas para cando os nenos/as se esquecían da merenda.

RECURSOS HUMANOS

O equipo de persoal a cargo do do Programa Campus-Tea Nadal 2019 estivo conformado :

Coordinadores	1
Monitores TL	2
Monitores NEE	1